



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 2 DE

MAIO DE 2012

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás dez horas do día dous de maio de dous mil doce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona Maria Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocio Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta Maria Vázquez Golpe, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Intervén como secretaria da Corporación dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examinaronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 23 de abril de 2012.

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 23 de abril de 2012 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

2º.- Correspondencia.

- Escrito da Federación Galega de Municipios e Provincias, rexistrado de entrada con data do día 24 de abril de 2012 co número 5.215, no que comunica que o pasado martes día 17 de abril, a FEGAMP asinou coa Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde (Sergas), o convenio que inclúe, para o ano 2012, axudas para unidades asistenciais de drogodependencias (UADs) así como axudas para o mantemento de centros de saúde e PACs de titularidade municipal. No citado convenio, ao Concello de Cambre correspóndelle unha axuda de 14.189,92 euros para gastos de mantemento de centros de saúde ou PACs de titularidade municipal.

- Resolución do 19 de abril de 2012, da Secretaría Xeral da Igualdade, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se procede á publicación dos requirimentos de emenda de documentación das solicitudes presentadas ao abeiro da Resolución do 4 de abril de 2012 pola que se convocan para o ano 2012 as axudas e subvencións a entidades locais para a promoción da igualdade cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE). (Diario Oficial de Galicia número 78, de data do día 24 de abril de 2012).

3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área.

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

Informes do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado

Don Fernando Caride Suárez informa que hai filtracións no polideportivo de Cambre, as cales posiblemente afecten ao linóleo. Xa o comunicaron á compañía de seguros o venres da pasada semana e se lle manifestou que o linóleo se valora en 50.000 euros. En principio, eran pequenas filtracións, pero o fin de semana xa foi a máis. Na ponte que tivo lugar esta semana se deixou un retén de conserxes para que vixiaran a entrada da auga.

A continuación, tamén informa que o venres día 4 de maio terá lugar unha recepción ás 10,30 horas a unha bolseira do concello, Sofia Toro, quen participará nas olimpíadas 2012 na especialidade de vela.

Para rematar a súa intervención, don Fernando Caride Suárez informa que o venres da vindeira semana terá lugar unha recepción aos clasificados para o campionato de España en judo, pertencentes ao Judo-club Cambre.

Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo

Dona Marta Maria Vázquez Golpe informa que o venres día 27 de abril remataron os dous últimos cursos do décimo segundo plan de formación municipal. A cualificación, por parte dos alumnos, foi moi boa.

Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Don Manuel Marante Gómez informa que se inaugurou a praza de San Marcos, en Anceis, con grande afluencia de público.

A continuación, informa que hai queixas na Barcala, debido a unhas deficiencias de lousas de beirarrúas que estaban levantadas, así como tamén polo paseo que hai paralelo á vía do tren se queixan pola maleza. Tamén informa que se colocaron papeleiras e que as queixas citadas xa se resolveron.

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

Don Santiago Manuel Rios Rama informa que o día 23 de abril se celebrou o día do libro nas bibliotecas municipais e que se entregaron preto de trescentos libros aos usuarios e manifesta que se incrementou a petición de inscricións nas bibliotecas.

A continuación, lembra que o vindeiro venres día 4 de maio se inaugura a exposición de don Xavier Magalhaes e o sábado día 5 de maio, ás 20,00 horas no local da “Xuventude de Cecebre” terá lugar o “III festival de primavera”, coa actuación de distintas corais.

Para rematar, don Santiago Manuel Rios Rama informa que o luns, día 30 de abril, tivo lugar a gala folk con Lola, a cal tivo moito éxito.

Informes da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente

Dona Rocio Vila Díaz informa que o pasado venres se publicou na páxina web da Consellería de Medio Ambiente a resolución pola que se aproba o documento de referencia para a avaliación ambiental estratéxica do plan xeral de ordenación municipal do Concello de Cambre. Engade que espera que oficialmente o remitan ao concello esta semana.

Para rematar a súa intervención, dona Rocio Vila Díaz informa que pasadomañá terá unha reunión cos arquitectos que redactaron o proxecto de “Rehabilitación e restauración do edificio destinado a equipamentos sociais: Casa da Cultura”, para establecer os tempos de execución da obra, etc.

Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

Dona Maria Jesús González Roel informa que este sábado, día 5 de maio, comeza o programa “Xogando en inglés”. Manifesta que se duplicaron as solicitudes das prazas que se

ofertaron, aínda que este ano se aumentou unha aula máis. Engade que, á vista das solicitudes presentadas, intentará duplicar o curso.

A continuación, informa que se está a realizar o obradoiro de reforzo educativo para menores, co fin de diminuír o fracaso escolar.

Para rematar a súa intervención, dona María Jesús González Roel informa que hoxe comeza o prazo para solicitar as prazas para o campamento urbano de verán. Faise durante todo o mes de xullo e todo o mes de agosto e manifesta que a novidade máis importante deste campamento é que un dos módulos se vai a impartir en inglés.

Informes da alcaldía

O señor alcalde informa que delegou a totalidade de funcións que ostenta esta alcaldía na primeira tenente de alcalde dona María Jesús González Roel para mañá, día 3 de maio.

A continuación, don Felipe Andreu Barallobre pide ao señor alcalde que solicite á policía local para que, no parque infantil do Graxal, fronte ao colexio, vixien para que non se faga un mal uso dos xogos destinados para as persoas discapacitadas.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as dez horas e cincuenta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente



Manuel Rivas Caridad

A secretaria



María Luisa de la Red Ampudia